



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2023

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Fernando García Lesta.

En Mesía, a 23 de xaneiro de 2023, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2023.



O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO.
APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2023.**

Visto o Orzamento do Concello para o exercicio económico 2023 formado por esta Alcaldía, coas súas bases de execución, anexos preceptivos e documentación complementaria, e a plantilla de persoal para o exercicio 2023, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990 e a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e vistos os informes de estabilidade e de secretaría-intervención; propono ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do Concello de Mesía para o exercicio 2023, que inclúe as súas Bases de Execución e demais documentación preceptiva, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Conxuntamente apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2023.

INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
A. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS:		
1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	504.500,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	274.064,94 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.499.264,87 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	720,00 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		2.328.549,81 €
2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	449.121,82€
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		449.121,82€
B. OPERACIÓNS FINANCIERAS:		
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO		2.779.671,63 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2023/G010/000001

INGRESOS

GASTOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
A. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS:		
1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	944.363,57 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	1.114.640,12 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	1.000,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	96.648,01€
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		2.156.651,70€
2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	621.019,93€
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		621.019,93€
B. OPERACIÓNS FINANCIERAS:		
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO GASTOS		2.779.671,63 €

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario-Interventor	1	A1/A2	HE	30/28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	20	Interinidade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	22	Propiedade
Subalterno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
--------------	--------------	----------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2023/G010/000001

Asistente instalacións informáticas	1	0
Peón condutor	2	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón xardinería	3	0
Auxiliar axuda a domicilio	11	3
Monitor tempo libre	1	0
Traballadora social-coordinadora	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	1	0
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorrista	2	2
Educadora Infantil PAI	1	0
Auxiliar apoio PAI	1	0

Segundo.- Expoñer ao público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Si se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno

En Mesía, na data da sinatura electrónica. O alcalde Asdo./ Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que o orzamento conta con todos os documentos legalmente esixibles. Cabe destacar que para este ano están suspendidas as regras fiscais. En canto aos ingresos, o capítulo 1, lixeiramente superior ao do ano pasado, inclúe os impostos sobre bens inmobles, rústica e urbana, características especiais, vehículos e actividades. No capítulo 2 recóllese o imposto de obras, igual que o ano pasado. No capítulo 3, tamén superior ao do ano pasado, recóllense os ingresos derivados de, entre outros, as taxas de auga, sumidoiros, lixo, PAI, expedición de licencias, podoloxía e fisioterapia, ou actividades culturais e deportivas. O capítulo 4, superior ao ano pasado en 155.000,00€, inclúe a participación nos tributos do Estado, 570.000,00€, a aportación da Xunta, en torno aos 499.000,00€, que inclúe o Fondo de Cooperación Local ou o convenio de servizos sociais, e as aportacións da Deputación Provincial, que ascenden a 469.000,00€, e inclúen diversos programas. O montante total dos ingresos correntes son suficientes para atender o gasto



corrente, resultando que a diferenza é a cantidade destinada polo concello a inversión con fondos propios.

O capítulo 7 ascende a 449.000,00€, lixeiramente superior ao ano pasado, financia as obras do POS e o PEIM para camiños rurais.

No capítulo 8 consígnanse 2.000,00 € para o caso de reintegro de anticipos ao persoal.

En total, o orzamento é un 8% maior que o do ano pasado.

En canto aos gastos, o capítulo 1 comprende as retribucións do persoal funcionario, laboral e político, cos incrementos previstos na Lei de orzamentos do Estado. No capítulo 2 inclúese o gasto de funcionamento ordinario do concello, e se incrementa en torno a 200.000,00€ respecto do ano pasado, xa que ao final do exercicio a maioría das partidas estaban esgotadas e tivéronse que facer modificacións de crédito. Comprende arrendamentos, aluguer de maquinaria, mantemento de edificios municipais e maquinaria, alumeadado público, alarmas, ascensores, material de oficina, correos, carburantes, recollida de lixo, indemnizacións e dietas de locomoción. No capítulo 3 recóllense os gastos bancarios, pero non se prevén operacións financeiras. O capítulo 4 inclúe gastos de emerxencia social, xantar na casa, subvencións nominativas e Mancomunidade de Ordes, así como obradoiros de emprego.

En canto aos investimentos do capítulo 6, a dotación é superior en 33.000,00€ á do ano pasado, e recolle as inversións financiadas pola Deputación e a Xunta adicadas a mellora de camiños. Inclúe tamén 50.000,00€ de fondos propios para acondicionamento de parcelas, 2.140,00€ para gasto social, 20.000,00€ para infraestruturas deportivas, 60.000,00€ para reposición de infraestruturas e 20.000,00€ para xestión do patrimonio.

No capítulo 8, contéplanse 2.000,00€ para anticipos ao persoal.

Son os orzamentos máis realistas que alcanzamos a facer, aínda que prever nestes momentos convulsos non é fácil. Os recursos propios non darían nin para pagar ao persoal. O incremento de máis de 200.000,00€ é para gasto corrente. Non é un orzamento electoralista, a obras destínase o que se pode tras pagar ao persoal e o gasto corrente, sempre baseados no avance da liquidación do exercicio anterior. Estamos saneados, sen débeda e cunha das fiscalidades máis baixas da provincia. Calquer grupo faría un orzamento distinto pero coincidiríamos nunha porcentaxe moi alta en gasto de persoal e corrente. Paso a palabra aos distintos grupos.

Toma a palabra a Sra. Louro, quen manifesta que, igual que xa dixemos o ano pasado, o concello de Mesía debe ser dos poucos concellos existentes nos que a Comisión de Contas non funciona tamén como Comisión de Facenda. Reiteramos a solicitude, debe ter en conta aos grupos da oposición, que tamén representamos a xente. Decía vostede que non se facía a Comisión Informativa para non facer dous plenos e con ocasión do orzamento xa imos a celebrar un pleno extraordinario. Solicitamos tamén dispoñer dos orzamentos con máis antelación, xa que nin temos asesores nin adicación exclusiva. Non compartimos as súas prioridades e reiteramos a necesidade dun centro de día. Ímonos abster.

Toma a palabra o Sr. Mosquera, quen manifesta que o orzamento presentado é unha cadratura de números, pero seguimos sen rematar a traída de augas e sen solo para o polígono industrial. O 34% do orzamento adícase a gastos de persoal



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2023/G010/000001

polo modo de xestión directa, e dentro deste gasto, o 11% é gasto do goberno, ¿ve necesarias dous adicacións exclusivas no momento actual? En todo caso, imos apoiar os orzamentos.

Pregunta a Sra. Louro pola subvención de fomento de conciliación, se é para madrugadores, como noutros concellos, respostando a Sra. Sánchez que se pensou, pero non se apuntou ninguén, así que é para campamentos gratuitos. Pregunta así mesmo polo gasto de 164.000,00€, se inclúe a tarifa da luz ou algo máis, respostando o Sr. Alcalde que non inclúe ningunha obra, si ben está solicitada unha actuación para cambiar a led.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que as Comisións Informativas que hai son as que houbo sempre, non hai oscurantismo nin falta de transparencia. É potestade do alcalde convocar os plenos extraordinarios, e canto antes aprobemos o orzamento antes podemos traballar con él. Se lles remite toda a documentación co tempo que sinala a lei. Agradezo o voto favorable do Partido Popular, e claro que isto é unha cadratura de números, primeiro calcúlense os ingresos, se deducen as prioridades ineludibles, e co resto faise política. Non queremos endeudarnos, para a traída da auga necesito ao seu partido na Xunta de Galicia, que non só non nos subvenciona os proxectos senón que tarda máis de tres anos en informalos. Se destinamos os 170.000,00€ de recursos propios da inversión deste orzamento á auga, só levaríamos auga a unha aldea. Esas obras teñen que ser financiadas por entidades supramunicipais. En canto ao polígono, hai unha zona clasificada a tal efecto no PXOM, e cando exista un proxecto ou unha entidade interesada se fará. Estiven vinte anos nunha empresa pública na que estou en excedencia e sempre creí na empresa pública, que non ten porque ser menos eficiente nin máis costosa, e mentras siga en sendo alcalde seguiremos a ter xestión directa nos servizos que podamos, dando ademáis traballo aos nosos veciños, que creo que terán máis sensibilidade que os que veñan de fora. Agradezo o voto de confianza e creo que son unhos orzamentos razoables, garantes dun funcionamento do concello dun xeito sostible.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por oito votos a favor, sete correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e un correspondente ao concelleiro presente do PP, e unha abstención, correspondente á concelleira presente do BNG.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.